

Alexandre Bóveda Iglesias



PARA O INSTITUTO DE AMES
PROFESORA: Sabela Cobos
Relatora: Ánxeles Cuña Bóveda

LIMIAR

- ◆ Quero expresar a miña gratitude a Sabela Cobas por convidarme a falar de Alexandre Bóveda.
- ◆ Para que a vida do meu avó (e dalgunha maneira tamén o voso avó), sexa máis coñecida neste Instituto de Ames. Para telo vivo na memoria. Proceso para avaliar o pasado, de recuperación de feitos como mecanismo que nos pode interpelar para entender o presente e mesmo construír o futuro.
- ◆ Que sabedes de Bóveda?
- ◆ Que vos interesa?
- ◆ Credes que ten que facer parte da memoria colectiva deste país?
- ◆ Por que?
- ◆ Falaremos da figura, pensamento e obra, da “Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda”, título do libro que escribiu Xerardo Álvarez Gallego (o seu cuñado, o meu tío avó).

- ◆ Era un home bo e xeneroso. Cun enorme caudal de talento. Lumínoso e irradiante. Solidario. Cunha extraordinaria capacidade organizadora.
- ◆ Os anseíos por mellorar a sociedade custáronlle a vida no 1936 logo dun fraudulento Consello de guerra.
- ◆ QUE PASOU NOS SEUS 33 ANOS INTENSOS DE VIDA?
- ◆ QUE HERDANZA NOS DEIXOU?
- ◆ AMOR Á TERRA, AO TRABALLO AO COMPROMISO?

NENEZ E MOCIDADE

Naceu ás 2 da mañá do
4 de xuño de 1.901, na
rúa da Barreira, nº 16



Estatua de Bucíños adicada a Bóveda

ALEXANDRE BÓVEDA IGLESIAS

PAI: Juan Bóveda Valcárcel . Seu pai era O "SILLEIRO" DA BARREIRA, CARPINTEIRO, nunha folga en 1901 foi despedido, emigrou a Bilbao e Arxentina, logo regresou e montou unha carpintería.

NAI: Luísa Iglesias Sánchez, era COSTUREIRA



Cos bisnetos: Ánxeles e Henrique Cuña Bóveda. Alexandre (o terceiro de 7 fillos), coa súa irmá: Pilar, 1932.

Estudou na NORMAL e nos Irmáns Villar e ía á Coruña aos exames na Escola de Comercio.

Estudou francés e solfexo. Participou no "Oratorio festivo" dos Salesianos e no grupo de teatro, que lle axudou a ter maior facilidade na oratoria.



Foi capitán do Remedios F.C. e estivo ligado ao Royal e ao Galicia F.C.

GUSTABA DO DEPORTE E DO CANTO

Castelao:
A sangría da emigración



Conciencia, Honestidade e compromiso.

ANÉCDOTA PARA UNHA REFLEXIÓN INICIAL

- ◆ Anécdota: burgués que ve ao seu pai lendo e di: “Ata os obreiros len!”
- ◆ «Eu estaba á beira do meu pai, sentados os dous á beira da soleira dunhas obras. Meu pai lía un xornal. Alguén pasou e rosmóu: ‘qué tempos; agora hastra os obreiros leen o periódico’».
- ◆ QUE SIGNIFICA TOMAR CONCIENCIA?
- ◆ El díxo: “ Sí alí comenzóu a miña vida política».
- ◆ Hai que ter en conta o contexto social, histórico, económico, cultural de Galiza?
- ◆ “A peor enfermidade: non ter conciencia” (M. Rivas). Do libro “O lapis do carpinteiro”.
- ◆ “A conciencia aliméntase cada día” (J. Saramago). Do libro “Ensaio sobre a cegueira”.
- ◆ Deixounos Bóveda un patrimonio común de sentimentos e ideas de liberdade e esperanza para que Galiza sexa protagonista da súa historia e dona dos seus destinos?

Revista Nós , La Zarpa, Tío Marcos da Portela




Foi asíduo lector da Revista Nós.

Axiña comezou tamén a escribir na Zarpa de Basilio Álvarez. Foi nas follas deste xornal onde se deu a coñecer como un gran comunicador.

Foi tenor na Coral de Ruada.

Coñecía ben “O Catecismo do Labrego”:

“Os mandamentos da igrexa labrega: O primeiro, ouvir como nos aldraxan os que mandan, como quen escoita chover. O segundo, mudar de camisa unha vez ao ano, ou denantes se teñen que enterralo a un. O terceiro, comungar con rodas de muíño. O cuarto, xexún polas boas ou polas malas. O quinto, pagar por todo e pra todo, e pagalas todas”.



O tío Marcos da Portela e o Catecismo do Labrego

- ◆ O Catecismo devólvelle a voz ó pobo, como fixera Rosalía en Cantares gallegos comparte unha mesma mirada sobre o noso mundo campesiño co Álbum Nós de Castelao e cos grandes narradores do século XX: por iso o pobo se recoñeceu neste espello.
- ◆ As páxinas do Semanario O tío Marcos da Portela, de Ideoloxía anticacíquil, foron de moita importancia na conformación do seu pensamento de mozo.
- ◆ O coñecemento dos problemas agrários e do movemento agrarista estivo desde a adolescencia nos ollos de Bóveda.










LÓPEZ CUEVILLAS

- ◆ Fala galego na casa e no bairro, aprende nos escritos dos galeguistas ese íntimo encanto do propio ser, e, na súa primeira etapa profesional na Facenda, en Ourense, recibe de L. Cuevillas información, colaboración e introdución conveniente para a súa entrega á orientación política. Ourense era daquela o cerebro do nacionalismo, aínda que dun nacionalismo conservador. Parte do grupo da Xerazón Nós.
- ◆ Esta é a primeira lección: unha educación no seu ambiente, nos problemas da sociedade, na responsabilidade. Alexandre Bóveda non frustrou os sacrificios e as ex-pectativas dunha familia que vivía a dureza de vida do Ourense obreiro do 1900.



Arqueólogo e funcionario de Facenda

Oposicións a Facenda

Cando rematou os estudos, presentouse a oposicións en Madrid, fracasando no primeiro intento. Ao parecer, neses momentos tivo a intención de abandonar pero recapacitou, volveuse presentar e aprobounas na seguinte intentona co número 1 da oposición a Auxiliares de Contabilidade do Estado, en 1924.



Cos compañeros opositores a Facenda en Madrid.

Volve a Galiza para traballar na delegación de facenda de Ourense onde está catro anos.

Preséntase a outras oposicións e obtén o número 5 para dez prazas do Pericial de Contabilidade do Estado. Por este motivo José Calvo Sotelo lle ofrece un posto no seu Comité de Intervención de Cambios, pero pide destino en Pontevedra (1927) como Xefe de Contabilidade de Facenda con tan só 23 anos.

En Pontevedra

DELEGACIÓN DE FACENDA DE PONTEVEDRA

- ◆ Cos compañeiros da Delegación de Facenda de Pontevedra.
- ◆ 1.927: Toma posesión coma Xefe de Contabilidade.
- ◆ Boa vila que amosa vitalidade cultural, coa que vai tomar contacto.



Faladoiro do Méndez Núñez

- ◆ Alí participa do faladoiro que presidían Castelao e Losada Diéguez no Café Méndez Núñez.
- ◆ Os dous introducírono na política e noutros campos, como a Coral Polifónica de Pontevedra, onde coñeceu a Amalia Álvarez Gallego.



Grand Café MENDEZ-NÚÑEZ — Propietario : Anselmo MARTIN

CORAL POLIFÓNICA DE PONTEVEDRA 1.930



- ◆ Ingressa na Sociedade Coral Polifónica, un coro con maioría de membros compañeiros de Facenda, onde canta Amalia Álvarez (filla de Xerardo Álvarez Límenes), a súa futura muller, xunto cos seus tres irmáns (Felipe, Xosé María e Lolita).
- ◆ Ennoívan en 1929.



Na Coral Polifónica

- ◆ Obdulía Prieto, compositora.
- ◆ Alexandre Bóveda, solista

Obdulía Prieto e Alexandre Bóveda, compositora e interprete do Canto de Ourense recollido nas gravacións da Polifónica de 1929 (Track 4) (Arq. Ouvirmos- Fundación Alexandre Bóveda)



A FAMÍLIA

Amalia e Lolita Álvarez Gallego



Noivado

O noivado entre Alexandre e Amalia, filla de Xerardo Álvarez Limeses, era un feito público; de tal xeito que sería ela a muller coa que Bóveda se comprometería até o fin dos seus días.





Casaron no mosteiro de Poio o 20 de outubro de 1930

- ◆ Lembra con cariño inmenso Xosé María Álvarez Blázquez, curmán de Amalia: «Alexandro semella un neno cheo de ledicia.
- ◆ Leva unha pequena flor branca na solapa e xoga nervoso cos guantes brancos tamén».
- ◆ Coincidía o ano de casamento de Amalia e Alexandre coa caída da ditadura de Miguel Primo de Rivera, efectivizada a finais de xaneiro do 1930. Após a censura e persecución contra os nacionalistas galegos, reorganización nova xeración da que Bóveda era exemplo e modelo.






Casa familiar en San Salvador
de Poio. Tiveron cinco fillos



Nesta casa naceu a tía Loli e nacín eu
(a filla de Xela).



- ◆ Naceu en Pontevedra o 10 de decembro de 1871, e morreu na mesma cidade o 19 de febreiro de 1940.
- ◆ Fillo de Emilio Álvarez Giménez e irmán de Darío Álvarez Limeses, cursou o Bacharelato en Pontevedra e participou canda a Víctor Saíd Armesto na fundación do ateneo Los Amigos del Progreso, no que comezou a súa faceta de escritor.
- ◆ Fixo a carreira de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e a de Maxisterio en Madrid, dedicándose despois a Inspector de Ensino Primario.
- ◆ Foi secretario das Xuntas de Instrución Pública de Palencia e Ourense, e en 1904 comezou a traballar como inspector de Primeira Ensinanza de Cádiz. Foi Profesor de Dereito e Lexislación Escolar en Lugo.
- ◆ Foi académico correspondente da Real Academia Galega, pertenceu á Sección de Historia do Seminario de Estudos Galegos (onde presentou un estudo sobre o padre Sarmiento) e cofundador e Vicedirector do Museo de Pontevedra. Foi redactor das revistas El Iris Literario e Extracto de Literatura e despois fundou Galicia Moderna. Dirixiu El Perdígón en Palencia e El Maestro Gallego, Galicia Ilustrada (da que só apareceu o número 0) e Mi Tierra en Ourense. Colaborou con El Diario de Pontevedra, Faro de Vigo e La Correspondencia Gallega.
- ◆ Casou con Dolores Gallego Martínez, e foi o pai de Gerardo e Amalia Álvarez Gallego, que casou con Alexandre Bóveda. Na súa honra leva o seu nome o CEIP Álvarez Limeses de Pontevedra.

Xerardo Álvarez Limeses: Avogado, mestre, escritor e sogro de Alexandre Bóveda







INSTITUTO DE PONTEVEDRA



Os tres primeiros fillos: Xela (miña nai), Alex e Xosé Loís





En Baión



Con Xela nos brazos

Caixa de aforros, Museo de Pontevedra,
Instituto Bíoquímico Miguel Servet

Caixa de aforros

- ◆ En 1928, Daniel de la Sota (presidente da Deputación) pídelles axuda para poñer en marcha o Servizo de Cédulas da Deputación, e en 1930 encárgalle unha mellora dese mesmo Servizo. Para iso, en 1928 e 1929 recibirá unha bolsa da Deputación de Pontevedra para viaxar a Barcelona e Guipúscoa para estudar o funcionamento das Caixas de Aforros e en 1930 convértese no primeiro director da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra.



Museo de Pontevedra

Participa nas actividades do Museo
de Pontevedra e da Misión Biolóxica
de Cruz Gallásteguí.



Instituto Bíoquímico Miguel Servet

- ◆ F En 1935 funda xunto co farmacéutico Rubira e o médico Ramón Obella o Instituto Bíoquímico Miguel Servet en Vigo, co obxectivo de explotar dez patentes farmacéuticas fornecidas por Obella.



II REPÚBLICA ePartido Galeguísta

República española

14 de abril de 1931

A novidade que trouxo a II República en Galiza, foi a aparición do Partido Galeguista que tiña como objetivo a Autonomía.

O galeguismo na República non se pode entender sen Bóveda.

Bóveda fixo un esforzo por sintetizar, ou darlle viabilidade política aos grandes problemas do nacionalismo da súa época: pluralismo ideolóxico, fortaleza organizativa, política posibilista de alianzas.



AS IRMANDADES DA FALA

- ◆ O 5 e 6 de Decembro de 1931, no marco da VII Asamblea Nacionalista, presidida polas Irmandades da Fala, constitúese o Partido Galeguista (PG). BÓVEDA seu secretario xeral.
- ◆ Equipo extraordinario de mulleres e homes, como Castelao, Ánxel Casal, María Miramontes, Lois Tobío, Víctor Casas, Ramón Otero Pedrayo, Johan Carballeira, Ricardo Carvalho Calero e tantas e tantos outros.



A NOSA TERRA

Lector atento do BOLETÍN NÓS, A NOSA TERRA (Das Irmandades da Fala)



BÓVEDA significa a “dignidade cívica” tanto na sua curta vida como na sua morte. Ao menos, así é para Francisco Carballo,

PARTIDO GALEGUISTA


- ◆ Na Asemblea constituínte, xúntanse en Pontevedra representantes de 32 agrupacións. Reúne uns 700 asistentes, e acordan unha Declaración de Principios:
- ◆ Autodeterminación política de Galicia.
- ◆ Antiimperialismo.
- ◆ Igualdade de dereitos políticos para a muller.



- ◆ Supresión das Deputacións provinciais e recoñecemento da parroquia.
- ◆ Concerto económico co Estado e reforma tributaria.
- ◆ Cooficialidade do galego.
- ◆ Reíntauración do dereito foral.
- ◆ Creación dun Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- ◆ Reforma agraria: supresión dos foros, melloras e fomento do cooperativismo e recoñecementos dos dereitos sindicais.
- ◆ O Partido Galeguista tiña a seguinte configuración: dirección do Partido Galeguista: voz sen voto (Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo). Secretario Xeral (Pedro Basanta) Secretario Técnico (Fílgueira Valverde) Secretario de Organización (Alexandre Bóveda sempre, agás un ano que foi Secretario Xeral). Secretario de Propaganda (X. Núñez Búa)
- ◆ Segundo Castelao, Bóveda era “motor de explosión” do Partido Galeguista”.

O ESTATUTO

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS



O Estatuto

- ◆ No Estatuto Galego e nuns artigos de ANT, deixounos unha aportación fiscal valiosa: “arrinca dunha crítica á fiscalidade do Estado, dos Concellos e das Deputacións que era regresiva, sen control democrático e de altos custes”. Propón: “un imposto único, no que se han de refundir todos os previamente existentes, e a favor da Facenda galega, que dese xeito convértese na instancia institucional tributaria preponderante...” Ía articular esta actividade o Banco galego. Galiza tributaria ao Estado de acordo co convenio a establecer.
- ◆ As propostas económicas de Bóveda están recollidas no Estatuto Galego plebiscitado no 1936. El quería para Galiza un sistema económico parello ao keynesián e de dirección endóxena.



SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS



Otero, Losada Diéguez, Cuevillas, Risco, Carvalho



No ano 1930: O Seminario de Estudos Galegos pídelle colaboración para a redacción do proxecto de Estatuto galego

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS


Don Alejandro Bóveda Iglesias
foi nomeado *socio activo*
o *29 de outubro* do *1928*
Sant-Jago 28 outubro do 1931

O Segretario Xeral
Sebastião Gonçalves

Viso Bon
O Presidente
J. Labera


SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

REXISTRADO CO N.º *11*



ESTATUTO DE GALICIA

QUE LA
ASAMBLEA REGIONAL DE AYUNTAMIENTOS
CELEBRADA EN
SANTIAGO DE COMPOSTELA
DURANTE LOS DIAS 17, 18 Y 19 DE DICIEMBRE DE 1932,
ACORDÓ PROPONER A LA VOTACIÓN DE LOS ELECTORES,
CONFORME AL ARTÍCULO 12 DE LA CONSTITUCIÓN



TIPOGRAFÍA
«El Eco de SANTIAGO»
1932

ESTATUTO
DE
GALICIA



CAMPUS DIAZ BAÑEIRO

OSI



Retrato 1.933


O desterro

O 20 de outubro de 1934 publicouse unha orde ministerial impoñéndolle un destino administrativo forzoso na delegación de facenda de Cádiz. Retornou no outubro do ano 1935 a Galiza ó obter unha praza na delegación de facenda de Vigo.

DESTERRADO A ANDALUCÍA

- ◆ No desterro andaluz





Para que a noxa
Fetta sexa noxa
VOTA O ESTATUTO

Mitíns polo plebísquito do 36



VIGO 1.935



A DOR QUE NON CESA. O que pasou...

- ◆ Un seísmo destrutivo na República española que desactiva a forza de NÓS. As irmandades da fala retíranse da historia e a revista enflebelece, ensúmese. Xorde o partido galeguista, no 1931 coñécese a escisión. Hai unha escolla obrigada entre a FRENTE POPULAR e a DEREITA clerical. Segundo Méndez Ferrín, dúas novas xeracións cobran entidade na cultura e na política nacionalista galega. O desenlace desta crise foi atroz e a dor que xerou non cesa. Perante os acontecementos, unha porción do nacionalismo, tendo como referente a Risco declárase de dereita, mentras a maioría se sitúa na Frente popular con Castelao e Bóveda ao ocupar a ponte de mando. O pobo vota a favor do Estatuto que había de dotar a Galiza cun poder que sendo mínimo, iría devolverlle ao país a condición de suxeito político de seu. Non puído ser.



O princípio do fim

- ◆ O 13 de xullo de 1936 asasinan a Calvo Sotelo en Madrid. Iso preocupa moito a Alexandre Bóveda.
- ◆ O 18 de xullo os cuarteis galegos están controlados polos golpistas, e coordinados polo coronel Martín Alonso que decide sublevarse o 20.
- ◆ Bóveda acude ao Goberno Civil de Pontevedra o día 18, a axudar ao seu amigo Acosta Pan.
- ◆ Principal temor galeguísta: Estatuto posposto.
- ◆ O Goberno de Casares Quiroga quere aparentar tranquilidade, non entrega armas aos voluntarios.

GOLPE MILITAR EN PONTEVEDRA

- ◆ En Pontevedra, os militares saen á rúa o día 19 de xullo de 1936.
- ◆ Apodéranse do Concello e do Goberno Cívil, apuntado con dous canóns. Entran dous oficiais e levan a Bóveda, ao gobernador e dous leais máis ao cuartel para un convíte.
- ◆ En Pontevedra as mortes son provocadas pola “Guardia Cívica” de Víctor Lís.
- ◆ O día 19 Bóveda foi para a casa do seu sogro, non a Poio (casa da súa familia).
- ◆ O día 20 esténdese a SUBLEVACIÓN por Galiza.
- ◆ O día 21 caen A Coruña e Ferrol , despois Santiago, Ourense, Vigo, Lavadores, Tui o día 26.
- ◆ A maior represión é en Ferrolterra, Baixo Miño e barrios obreiros das cidades.

DETENCIÓN DE BÓVEDA

- ◆ O día 20 prenden a Bóveda, vai ao cárcere de Pontevedra, e déixanlle telefonear.
- ◆ Outros presos: Víctor Casas (director ANT), Xohán Rico (Capitán Garda Asalto), Loís Poza e Amancio Caamaño (médicos), X. Adrió Mañá (mestre).
- ◆ O 25 de xullo cantan o himno; o 26 pola noite a Garda Civil sácao en coche, dinlle que baixe, el négase, e eles néganse tamén a matalo, dicindo que deben ser os falanxistas.
- ◆ Lévano uns días a Pontecaldelas, máis días a Caldas e despois ao Instituto de Bacharelato de Pontevedra. Non quixo fugarse nin pagar sobornos.

O fin



XUÍZO SUMARÍSIMO E SENTENZA A
MORTE

XUÍZO SUMARÍSIMO: "FARSA"

- ◆ Decrétase xuízo sumarísimo militar (13 de agosto).
- ◆ Acusación: responsabilidade no Estatuto e presenza no Goberno Cívil.
- ◆ Instrutor: X. Vila, inimigo de Bóveda e do galeguísmo.
- ◆ Auditor: R. Rivero de Aguilar, fiscal da Audiencia da Coruña.
- ◆ Presidente: Coronel de artillería Durán
- ◆ Avogado de oficio: Capitán de infantería López de Roda.
- ◆ Testemuñas favorables: X. García Vidal, avogado da Deputación e antes profesor da USC, perdeu a praza de funcionario.
- ◆ Algún galeguísta foi desleal.
- ◆ Dez minutos para falar, pero prohíbenlle falar en galego.
- ◆ Condeado a morte.

Grandeza política

- ◆ A miña patria natural é Galiza. Ámoa ferventemente. Xamaís a traizoaría, aínda que se me concedesen séculos para vivir. Adóroa até máis alá da miña morte. Se entende o Tribunal que por este amor entrañábel debe de me ser aplicada a pena de morte, recibireína como un sacrificio máis por ela. Fixen canto puíden por Galiza e máis faría se puídesse. Se non podo, até gustaría de morrer pola miña patria. Baixo a súa bandeira desexo ser enterrado

Conde a morte



Como contestación a su escrito de fecha de hoy, he resuelto que la ejecución del reo ALEJANDRO BOVEDA tenga lugar a las 5,30 horas de mañana día 17 en las inmediaciones del Km.1 de la carretera de Campañó.

A este efecto ordeno al Jefe de las Fuerzas de Asalto de esta Plaza, que a las 2,15 horas, se encuentre una Sección al mando de un Oficial en el edificio de la Normal a fin de trasladar, custodiar y ejecutar al reo.

Esta Sección que llevará sus propios medios de transporte, se pondrá a las inmediatas órdenes de V.S.

¡ VIVA ESPAÑA !

Pontevedra 16 de Agosto de 1936
El General Comandante Militar

J. Juez Instructor Comandante D. José Vila Fono
Plaza

Como contestación a su escrito de fecha de hoy, he resuelto que la ejecución del reo ALEJANDRO BOVEDA tenga lugar a las 5,30 horas de mañana día 17 en las inmediaciones del Km.1 de la carretera de Campañó.

A este efecto ordeno al Jefe de las Fuerzas de Asalto de esta Plaza, que a las 2,15 horas, se encuentre una Sección al mando de un Oficial en el edificio de la Normal a fin de trasladar, custodiar y ejecutar al reo.

Esta Sección que llevará sus propios medios de transporte, se pondrá a las inmediatas órdenes de V.S.

¡ VIVA ESPAÑA !

Pontevedra 16 de Agosto de 1936
El General Comandante Militar

- + Confesor (P.L., P.A., u.d.h.)
- + Papel e primas
- + ~~Confesor~~ J. R.
- + Confesor
- + ~~Confesor~~ de gallego (Iglesias)

- + Anterior humilde
- + ~~Confesor~~ Barredo (M. B.) - abra
- Masallo (P.L.) } Polifónica
- Rio (H.) } (con humilde)

+
Alejandro Boveda
17-8-1936
* *

MORTE

- ◆ O 17 de agosto, ás 4 horas, vai para o cárcere de Pontevedra.
- ◆ Están alí franciscanos, Xosé Sesto e Xosé Álvarez Limeses e os seus sobriños Xosé María e Xerardo Álvarez Gallego.
- ◆ Confesa co P. Aquilino, oe misa na cela. Medita. Le poemas de Rosalía. Escribe cartas a Amalía, ao seu irmán Vicente e a Pedro Basanta (PG).
- ◆ Deseña a lápida.
- ◆ A Bóveda non se lle pode mistificar como economista, funcionario, herói; é un “político” que dá todo pola sua Pátria. É unha luz que alumea as necesidades dun povo: só ser, institucionalizarse, dotare como nazon pode liberá-lo.




A derradeira leición do mestre

- ◆ Ao primeiro que fusilaron foi a Alexandre Bóveda. Eu non coñecín a un mozo máis austero na conducta, nen con máis finura no cerebro, nen máis profundo na ternura. Cando se lle ouvía, un se impresionaba forzosamente e non polas cousas que dicía, case sempre fondas, porque saían das súas propias nobles entrañas, como el non as dicía ninguén” (Basilio Álvarez)
- ◆ Bóveda era noso amigo, noso camarada, o noso Capitán (Jenaro Marínhas del Valle).

ANTES DE QUE CORTARAN O PIÑEIRO

- ◆ Cascas de Piñeiro contra o que fo fusilado





Xosé María Álvarez Cáccamo

- ◆ ...Na Caeira Alexandro foi sentir
as derradeiras lamapadas e a
man
de Amalia e despedilo cun rumor.
Con eles vai Galiza e vamos nós.
Noite adentro. Un amor
que ficaba ser voz
(Xosé María Álvarez Cáccamo).



«Choliñas, Miña Peque, Vidiña:

Quixen escribirche moito. Mais xa sabes canto poidera decirche. Perdoame todo, que os peques me lembren sempre; que cumplas todol'os meus encargos.

Eu, Almiña, estarei sempre con vós como che prometín.

Faltan uns minutos e teño valor, por vós, pola Terra, por todos. Vou tranquilo.

Adeus, Vidiña: Vive pra os peques e os vellos, iabrázaos, confórtaos! Sé Ti, miña Pequeniña admirable, a máis valente de todos. Alá sentirei ledicia e satisfacción de Ti e de todos.

Lembrareivos sempre, velarei sempre por vós.

Adeus. Contigo, cos peques, cos vellos todos, estará sempre na lembranza, na máis grande, mais fonda, máis infinda das apertas, o voso,


Xandro.

PS / recei contigo.»



◆ Amalia cos cinco fillos: Xela, Alex, Loli, Xosé Lois, Amalia (póstuma)

Busto e estatua en Pontevedra



Castelao



Castelao fala de Bóveda en “Alba de Groría”.

“Alba de Groría”

A miña imaxinación veu unha fogueira en cada cimiterio, como outros tantos clamores de Xustiza. Pero no de Pontevedra veu unha labarada que chegaba até o ceo. Era o lume do espírito de Bóveda que non figura na Santa Compañía dos inmortaes, porque non pertence a Historia senón a tradición en asume de Lenda.


Bóveda terá que ser nun mañá proísimo ou lonxano, a bandeira da nosa Redención.



Castelao

Debuxos: Atila en Galiza





A guerra do 36. Texto de Ánxeles Cuña
Bóveda (integrado en “Semente de Nós”).


A peor doenza da humanidade é non ter conciencia. Fillas, netas ou bisnetas. Non queremos vivir na illa do esquecemento e do medo. Na memoria imposta polo remorxo. Na amnesia moral. No relato “oficial”, a memoria coutada, a desmemoria. A memoria tolleita, sen liberdade. A memoria inoculada que expulsa ás vítimas e represaliadas. Son aquela que leva o pasado cosido ao presente. Hoxe “Chove en Santiago” e nos campos de refuxiados, meu doce amor. Son a muller da cabeza rapada, A muller asasinada por acoller a un fuxido. A muller digna, a muller protectora. Non podo borrar a memoria da trauma. Quero lembrar porque “aquelas persoas que ameí, viven comigo”. Sí! “Coa masa do terror foi fabricada a nosa Historia”. Quero lembrar tamén a morte oficial daquela muller descoñecida, fusilada en Ourense o 28 de setembro de 1936, Eu tamén! “Fun buscar o barqueiro que cruza o mar. Há en Sam Simão preso um avó camisas azuis vestem os lobos”.

Díxeches: “Ámovos vermellas”. A esas mulleres das que tan só se sabe que existiron porque se lles arrebatou a existencia. E Xeliña toleou. Efectos perversos, alén das consecuencias físicas. Necesítamos lembrar a historia dos perseguidos, das perseguidas por motivos políticos. Canto sufrimento! Cantas emocións estarrecidas! Canto medo! Reparar, sí reparar a memoria das vítimas. É de xustiza. Na guerra do 36, os militares subleváronse sementando o terror, non foi unha guerra civil. “Non houbo galos”. Non houbo dúas partes falsamente civís enfrontadas e, as dúas, coas mesmas responsabilidades. SANGUE NAS BOTAS DE XENERAIS XENOCIDAS, erguéronse esnaquizando a legalidade democrática e constitucional da República. **Buscamos a verdade, a xustiza, a reparación, a non repetición.** Sí! Todas as mans, todas. Por amor e con amor. “Oxalá sexan pombas as que arrolen a noite, voando libres para sempre”.



Castigo menor





Biografías de familia. Álvarez Blázquez

- ◆ Preñadas de amor cara a figura de Alexandre.
- ◆ De carraxe reprimida cara aos seus verdugos.
- ◆ De serenidade que semella comunicar a figura de Bóveda.
- ◆ O 17 de agosto era pasado polas armas en Pontevedra seu curmán Alexandre Bóveda, o 30 de outubro seu pai en Tui, Darío Álvarez Limeses, co desgusto finaba aos poucos días un tío, Xosé Álvarez Limeses, en 1940 seu padriño e tío, Xerardo Álvarez Limeses, e seu irmán Celso Álvarez Blázquez...



• [Álvarez Blázquez, Xosé María](#)



Xerardo Álvarez Gallego

- ◆ “Vida, paixón e morte”: escrito desde o apaixonamento, paixón familiar e paixón política polos sentimentos de tristeza e rabia xerados pola inxustiza cometida co seu cuñado. a máis completa que hai sobre Bóveda, a que proporciona máis información e a que serviu de referente a todas as obras posteriores.
- ◆ A meirande parte do libro está dedicada á «paixón», Galicia, e á procura dun futuro mellor para a súa amada terra; bastante menos espazo dedicado á súa «vida» persoal, familiar e profesio- nal, e tamén hai unha parte substantiva referida aos seus últimos momentos e á súa morte, ocasionada desgraciada e inxustamente por eses esforzos empregados no desenvolvemento do Estatuto de autonomía e a defensa da orde constitu- cional e a legalidade vixente.
- ◆ Existe tamén unha importante obra poética dedicada a glosar a súa figura de mozo mártir da patria galega.

Sobre Alexandre Bóveda

- ◆ “Alexandre Bóveda” en A Nosa Terra. Eduardo Gutiérrez, Edicións Laiovento.
- ◆ Alexandre Bóveda. Edicións A Nosa Terra.
- ◆ Vida Paixón e Morte de Alexandre Bóveda. Xerardo Álvarez Gallego. Edicións A Nosa Terra.
- ◆ Coroa poética para un mártir: 35 poemas á morte de Alexandre Bóveda (1936-1994). Edicións Xerais, edición Xesús Alonso Montero.
- ◆ “(Re) coñecemos Alexandre Bóveda”. W.AA, en Terra e Tempo, no 22/23 xaneiro-agosto de 2003.
- ◆ “Centenario de Alexandre Bóveda”. Xusto Beramendi e Xosé Manuel Beiras, en Grial, 158 abril-xuño 2003.
- ◆ www.alexandreboveda.org www.memoriadagaliza.com

- ◆ Alexandre Bóveda é unha figura enmarcada nun contexto histórico do que foi un protagonista sobranceiro.
- ◆ Impulsor da organización do nacionalismo galego.
- ◆ O Estatuto de Autonomía e o trunfo do "SI" no plebiscito do 28 de xuño, logrando así para a Nosa Comunidade o recoñecemento constitucional e os Dereitos históricos que hoxe poseímos no actual marco xurídico.
- ◆ As súas achegas fundamentais céntrase no campo económico, conseguindo dotar ao galeguismo de ferramentas de análise e de rigor para comprender as condicións materiais de vida do país e propoñer alternativas de desenvolvemento, baseadas nas potencialidades da nosa Terra
- ◆ Ten méritos abonados para ser estudado pola súa relevancia tanto desde o punto de vista histórico, como polo seu corpus teórico.
- ◆ As circunstancias da súa morte remiten ao necesario recoñecemento que unha colectividade debe tributar aos seus fillos máis exemplares.
- ◆ Personalidade, á luz dos valores que representa de entrega e sacrificio individual a prol dun proxecto colectivo, e en beneficio do conxunto da sociedade.

Escolma de “Coroa poética”

- ◆ Manuel
María
- ◆ X.L
Méndez
Ferrín

16

Manuel María, 1971

LEMBRANZA DE ALEXANDRE BÓVEDA

Ti eres lume vivo, acesa chama,
roita irreversíbel de futuro;
potente trebón que berra e crama,
¡home do pobo, asoballado e puro!

Eres a luz, o guieiro i a bandeira
chantada nos cumes de Galicia.
¡Eres a voz limpa e verdadeira!
¡Eres o pan, o viño i a ledicia!

Ouh Alexandre Bóveda, paixón núa,
furacán potente e desatado:
¡qué exempro foi a morte túa!
¡Qué cantidá de amor sacrificado!

Ouh Alexandre Bóveda, meu irmao,
pai desta patria triste, escura.
¡Invoco a Rosalía, a Castelao...!
¡Nomeo a vida túa, nobre e pura!

Ouh Alexandre Bóveda, semente,
colleita fidel de lealtade:
¡si vive Galicia i a súa xente
a túa morte non pode ser verdade!

Monforte de Lemos
Galicia, Xulio de 1971

48

17

Heriberto Bens
(X. L. Méndez Ferrín), 1972

PRA ALEXANDRO BÓVEDA, ASESINADO

Cando a pupila, derradeira imaxe,
refrexou, xa sin lume, aquil piñeiro
e ti ficaches, Bóveda, senlleiro
testemuño pra sempre diste aldraxe.

Cando te percutiu no peito a torta
ira descarregada por Hespaña,
coidaron os verdugos que fazaña
era deixar en ti a Galicia morta.

Pro esquenceron teu sangue sobre a terra,
ista esperanza que en nosoutros corre,
e non tollerón a verdá que berra.

Baixo a lívida luz que nos aterra,
sobre ista teima que xa nunca morre
Galicia hase de erguer en pe de guerra.

49